

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓN
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Cal das seguintes faltas disciplinarias considera moi grave o artigo 72 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) A falta de obediencia debida aos superiores.
- B) O abuso de autoridade no exercizo das funcións.
- C) A aceptación de calquera tipo de contraprestación polos servizos prestados ao persoal usuario dos servizos de saúde.
- D) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade.

2. Toda persoa que no exercizo das súas funcións teña coñecemento dos datos contidos nunha historia clínica:

- A) Deberá informar aos familiares do paciente.
- B) Terá a obriga de reserva e sixilo respecto dos mesmos.
- C) Deberá informar ao paciente de forma clara e precisa.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, con carácter xeral o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de:

- A) 14 anos.
- B) 16 anos.
- C) 18 anos.
- D) Non se establece ningunha maioría de idade.

4. O artigo 2 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que as medidas contempladas na presente lei aplicaranse:

- A) Soamente ás mulleres que vivan en Galicia.
- B) Non se aplicará ás persoas dependentes da muller vítima da violencia de xénero.
- C) A todas as mulleres que vivan e residan ou traballen en Galicia e que se encontren nunha situación de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e outras persoas dependentes das vítimas directas e indirectas.
- D) A todas as mulleres, homes e demais membros da familia que sufran unha situación de violencia de xénero.

5. O Estatuto de Autonomía para Galicia dispón que o control da acción da Xunta de Galicia lle corresponde ao:

- A) Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- B) Parlamento de Galicia.
- C) Consello de Contas.
- D) Presidente da Xunta de Galicia.

6. O artigo 3 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, establece que a asistencia sanitaria pública esténdese a:

- A) A toda a poboación española.
- B) A toda a poboación que resida en España.
- C) A toda a poboación española que figure de alta na Seguridade Social.
- D) A toda a poboación española que figure de alta na Seguridade Social e aos/ás fillos/as menores.

7. O artigo 25 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, dispón que nos procesos de selección de persoal estatutario fixo, reservárase con carácter xeral para a quenda de promoción interna unha porcentaxe das prazas convocadas de:

- A) 30%.
- B) 50%.
- C) 25%.
- D) 45%.

8. O Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, dispón que as actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservárase:

- A) Un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada soamente si non houberse suficientes solicitudes de participación das mulleres.
- B) Un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada aínda que houberse suficientes solicitudes de participación das mulleres.
- C) En todos os casos un corenta por cento de prazas para as mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria.
- D) Non se contempla ningunha reserva de prazas.

9. O artigo 4 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, indica que teñen dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo aos fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- A) Todas as persoas que acrediten que residen nos concellos de esta Comunidade Autónoma.
- B) As persoas menores e as mulleres xestantes aínda que non acrediten que residen nos concellos de esta Comunidade Autónoma.
- C) Todas as persoas en situación de urxencia e emerxencia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Segundo o artigo 6 da Constitución Española de 1978, o pluralismo político exprésase en:

- A) No Goberno.
- B) No Goberno e na Administración.
- C) Os sindicatos.
- D) Os partidos políticos.

Preguntas de reserva

1. Cal dos seguintes dereitos NON ven incluído no artigo 10 da Lei 14/1986 de 25 de abril, Xeral de Sanidade?

- A) O respecto a súa personalidade, dignidade humana e a intimidade.
- B) A garantía de tempos máximos de espera de atención sanitaria.
- C) A información sobre os servizos sanitarios aos que pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- D) A confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso.

2. O artigo 1 da Constitución Española de 1978 establece que:

- A) España é un Estado federal e de dereito.
- B) España organízase en provincias e en comunidades autónomas.
- C) A soberanía nacional reside nas Cortes Xerais, formadas polo Congreso e o Senado.
- D) España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do ordenamento xurídico, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.